



## O EQUIPO DE CONTINUIDADE DE COIDADOS DA ÁREA SANITARIA DE VIGO PREMIADO POLO DESEÑO DUN PROGRAMA DE APOIO ESPECÍFICO A PACIENTES CON TRASTORNO MENTAL

- *Obtivo o recoñecemento como "Mellor Comunicación Oral" no último Simposio Nacional sobre Tratamiento Asertivo Comunitario en Salud Mental, celebrado en Avilés (Asturias)*
- *O Programa de Apoio á Continuidade Asistencial (PACA) axuda a mellorar os hábitos en saúde e a súa relación co sistema sanitario a pacientes con trastorno mental grave*
- *Pode ser considerado unha ferramenta fundamental para mellorar a calidade e a esperanza de vida destas persoas*

**Vigo, 9 de agosto de 2023.** O Equipo de Continuidade de Coidados da Área Sanitaria de Vigo acaba de ser galardoado co premio á mellor comunicación oral no 19 Simposio Nacional sobre Tratamiento Asertivo Comunitario en Salud Mental, celebrado a finais do mes de xuño pasado en Avilés (Asturias), pola exposición do seu *Deseño e Implementación dun Programa de Apoio á Continuidade Asistencial (PACA)*: un sistema de apoio e supervisión a pacientes con trastorno mental grave destinado a mellorar os seus hábitos en saúde e, sobre todo, a facilitar e axudarlles na súa relación co sistema sanitario, recordándolles as citas de Atención Primaria ou de especialidades que teñen pendentes, facilitar a relación cos distintos especialistas ou mesmo acompañarlles a estas citas ou probas médicas se non teñen familiares ou persoas achegadas que poidan facer esta función.



*Equipo de Continuidade de Coidados da Área sanitaria de Vigo. De esquerda a dereita: Lourdes Fernández (TCAE), Loli Rodríguez (TCAE), Teresa Gómez (Traballadora Social), Dra. María Puime (Psiquiatra), Pablo Alonso (Enfermeiro especialista en Saúde Mental), María González (EIR Saúde Mental), Patri González (TCAE), Marta Álvarez (Enfermeira especialista en Saúde Mental)*

Este programa PACA, que leva máis de seis meses en funcionamento con éxito, esixiu un traballo previo de análise da situación, clasificación dos pacientes en función do seu grao de afección e a realización dun protocolo de actuación e seguimento, atinxindo a un total de oito persoas: catro auxiliares (TCAEs), dúas enfermeiras especialistas en



Saúde Mental, unha traballadora social e unha médica especialista en Psiquiatría, a Dra. María Puime Míguez.

### **Traballo apreciado polo resto do Estado**

O traballo presentado recibiu este premio, non só polo singular do seu obxecto, senón polo interese suscitado en servizos semellantes a nivel nacional, que ven nesta aplicación un protocolo moi eficaz para problemas semellantes nas súas contornas e pola sensibilidade mostrada polo Equipo de Continuidade de Coidados, localizado no hospital Nicolás Peña, de Vigo.

Esta sensibilidade a fai patente a Dra. María Puime Míguez, ao lembrar que "o traballo continuado con pacientes con trastorno mental grave levounos a detectar que moitas e moitos destes pacientes deixaban de acudir ás citas de Atención Primaria ou consultas doutras especialidades por esquecemento ou pola apato-abulia que caracteriza a súa enfermidade, o que ía en detrimento da súa saúde física. Isto levounos a tratar de elaborar un sistema mediante o que puideramos axudarlles a lembrar aquelas citas que puideran ter proximamente, e, en función da capacidade de relación ou o nivel de deterioro de cada un deles, chegar incluso a falar previamente co especialista para explicarlles exactamente en que grao se atopa a enfermidade pola que acoden á consulta e mesmo a acompañarlles, se fose preciso".

O deseño do PACA debe ser considerado unha ferramenta fundamental nas persoas con trastorno mental tendo en conta que, por norma xeral, o seu trastorno leva asociado hábitos de vida pouco saudables, con exceso de sedentarismo, consumo de tabaco ou alcohol... Así mesmo, teñen unha esperanza de vida menor debido, en una parte moi importante, a que se esquecen de acudir a estas citas, non poden expresarse ben ou non teñen persoas achegadas que os acompañen.

"O protocolo que deseñamos consiste, non só en lembrarlles que teñen unha cita, se non en facer un seguimento e supervisar tanto se acudiron como se entenderon ben as indicacións do médico, que medicación deben tomar ou que outras probas puideran derivarse desta consulta, establecendo neste caso un calendario de control e seguimento", afirmou a Dra. María Puime.

### **Aumentar a esperanza de vida**

Afondando na oportunidade que supón este PACA, a D<sup>a</sup> Marta Álvarez Barciela, unha das enfermeiras do Equipo de Continuidade de Coidados e encargada de presentar o PACA no citado simposio celebrado en Avilés, afirma que "Trátase de derribar barreiras para que accedan con plenitude ao sistema de saúde, xa que non só nos atopamos con pacientes que non acoden ás citas, senón que non participan de programas sanitarios xerais de detección precoz ou seguimento ao que si van o resto da poboación, como a detección de hepatite C, cancro de mama ou os cribados de cancro colorrectal, por exemplo. Por iso, lembrámoslles as citas que teñen proximamente, falamos coas e cos especialistas para explicarlles polo miúdo que enfermidade teñen ou que síntomas mostran, vamos con ou coa paciente se fixera



falta e supervisámoslles a súa medicación, ademais de tomar nota das seguintes citas para lembralas e facer unha pequena estatística”, confirma a enfermeira.

### **En función do grao de deterioro**

A enfermeira Marta Álvarez continúa explicando que, previamente á realización deste protocolo, “estableceuse unha clasificación dos pacientes en función do seu grao de autonomía, indo dende os que teñen alta autonomía (que apenas precisan que se lles lembre o calendario de citas e poden ir por se mesmos ou mesmas ás consultas), os e as pacientes dunha autonomía parcialmente limitada (que precisan lembrarllas as datas das citas e de falar con os e as especialistas para explicarllas a sintomatoloxía que padecen) e, finalmente, aquelas ou aqueles pacientes que posúen unha autonomía moi limitada (que pola ausencia de persoas coidadoras ou un deterioro severo cognitivo, son acompañados por persoal deste Equipo).

Todos estes datos reflíctense nun programa informático deseñado a propósito e que serve tanto para xestionar estas axendas coma para incluír datos médicos e facer unha estatística.